

O Tribunal cualificador deste proceso selectivo ACORDOU establecer os criterios de corrección para o primeiro exercicio do procedemento selectivo, o exercicio de lingua galega, que se indican a seguir:

CRITERIOS DE CORRECCIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO. Proba de Galego. CELGA 4

O nivel de coñecemento da lingua galega esixido é o correspondente ao Celga 4, tal e como se establece na *Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga)* publicada no Diario Oficial de Galicia do 30 de xullo de 2007. Terase en conta tamén o establecido na *Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga)*.

O nivel correspóndese tamén co nivel C1 do *Marco europeo común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación*, elaborado polo Consello de Europa e do que existe tradución a diversas linguas europeas, entre elas ao galego.

A proba de galego consta de dúas partes, unha parte escrita e outra oral. Os criterios seguidos para avaliar cada unha destas partes son os seguintes:

Proba escrita

Avaliarase a ADECUACIÓN, terase en conta que se resolva a actividade en termos xerais, que se cumpra coa extensión requirida e se traten os puntos esixidos na tarefa cunha información adecuada. Valorarase que o formato textual e o rexistro sexan os adecuados.

Avaliarase a COHESIÓN e a COHERENCIA, que se presente a información organizada, que se faga un uso correcto e variado dos conectores e que se usen de xeito correcto os signos de puntuación.

Avaliarase a GRAMÁTICA, que non haxa erros morfolóxicos, sintácticos ou ortográficos.

Avaliarase o LÉXICO, isto é, a variedade e riqueza léxica, a corrección, precisión e amplitude do vocabulario empregado.

Proba oral

Avaliarase a ADECUACIÓN, que se resolva a actividade en termos xerais, que a produción se adapte á finalidade do acto comunicativo e ao contexto, e que o rexistro empregado sexa o adecuado.

Avaliarase a INTERACCIÓN, que se empreguen estratexias de colaboración co interlocutor e que se faga uso da quenda de palabra con naturalidade.

Avaliarase a COHESIÓN e FLUIDEZ, que se presente a información ben organizada e as ideas ben enlazadas, do xeito máis fluído posible.

Avaliarase a PRONUNCIA e a ENTOACIÓN, que a pronuncia sexa correcta e que se faga un uso axeitado da fonoloxía galega.

Avaliarase a GRAMÁTICA, que non haxa erros morfolóxicos ou sintácticos.

Avaliarase o LÉXICO, isto é, a variedade e riqueza léxica, a precisión e amplitude do vocabulario empregado.

O presidente do Tribunal

Xosé López García

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: XOSÉ LOPEZ GARCIA, NIF ***2937**, 29/07/2024 16:03:15.

CSV: 7D68-0BE6-49A0-9532